

XXVI CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. II CATEGORÍA. 1º e 2º E.S.O.

Nome: _____ Curso: _____ Sección _____

1. Completa este pasapalabra.



Por A: En que continente inauguróuse a comenzos do XX o <i>tren lunático</i> ?	Africa
Por B: Contra que grupo musical fixo boicot a radio Requeté de Pamplona en 1966?	Beatles
Por C: Accidente mineiro que provocou a morte a máis de 1000 traballadores en 1906.	Courrières
Por D: Illa situada no Exeo na que naceu Apolo.	Delos
Por E: Obra de escultura de vulto redondo que representa unha figura humana.	Estatua
Por F: Nobre alemana procesada en París no XIV por exercer a medicina nun proceso misóxino.	Félicie
Por G: Localidade granadina que contén un dos parques de dólmenes máis grandes de Europa.	Gorafe
Por H: Príncipe e nobre visigodo, fillo de Leovixildo e irmán de Recaredo, santo e mártir.	Hermenexildo
Por I: Nome tradicional da península que abrangue o subcontinente indio.	Indostán
Por K: Praia de Nova Zelandia en Moeraki famosa polas rochas esféricas como pelotas na area.	Koekohe
Por L: Film do 2016 do director Chazelle ambientada na cidade de Los Ángeles	La La Land
Por M: Apelido do capitán de infantaría de 23 anos fusilado en 1846 (Mártires de Carral).	Mariné
Por N: Cámara central onde se situaba a estatua dun deus e deusa nun templo grego.	Naos
Por O: Parte da xeografía que se ocupa da descripción, estudo e representación do relevo.	Orografía
Por P: Clase social da antiga Roma descendente das familias máis antigas e nobres.	Patricios
Contén a Q: Casa de labor con finca agrícola característica do levante e surleste peninsular.	Alquería
Por R: Armazón arquitectónico que serve de ornamento nos altares para colocar esculturas e pinturas.	Retablo
Por S: Sobrenome do Bronx sur en referencia ao seu barrio rival chic e pudiente que é o Soho.	SoBRO
Por T: Sé dunha curiosa monarquía dunha illa do mar Tirreno non recoñecida por Italia.	Tavolara
Por U: Capital asiática moi fría en inverno e cun aire dos máis contaminados do mundo.	Ulan Bator
Por V: Bisbarra galega onde se atopa o municipio de Laroco.	Valdeorras
Por W: Capital do estado africano de Namibia.	Windhoek
Por X: A que país pertence o arquipélago de Ryukyu?	Xapón
Por Y: Músico natural de Lorca famoso pola súa guitarra de dez cordas.	Yepes
Por Z: Representación que ten forma ou aparencia de animal.	Zoomórfica

2. Identifica a este gaditano nacido en 1824 e deputado durante o Sexenio Democrático. Título, autor e lugar onde se atopa en Vigo a escultura que aparece na dereita.



José M^a Beránger



Carlos Gardel. Raúl Comesaña. Rúa Bos Aires.

3. Contesta a estas cuestións.

1. Cal é a capital de Arxentina?	Buenos Aires
2. A quen se referiu Hitler como <i>a máis desprezable mullerzuela da casa real italiana</i> ?	Mafalda de Savoia
3. Espazo que se sitúa entre dous triglifos no friso do estabamento da orde dórica.	Metopa
4. Nome do <i>Buitreman</i> que en Teruel (Valderrobles) leva alimentos aos voitres dende hai 30 anos	J.R. Moragrega
5. Illa máis oriental do arquipélago das Baleares.	Menorca
6. Illa do arquipélago do Dodecaneso onde o apóstol San Xoán escribiu o <i>Apocalipse</i> .	Patmos
7. En que século estaríamos no ano 1233?	XIII
8. Soldado do batallón de Mérida que aparece na lista de feridos da Unión Mercantil de Málaga que publica o periódico <i>El Ejército Español</i> do mércores 28 de xullo de 1909.	Antonio Alcalá
9. Que cores aparecen na bandeira de Israel?	Azul e branco
10. Que cor predomina no exterior do Centro de interpretación do nazismo de Munich, edificado onda a <i>casa marrón</i> que albergaba a sé do partido nazi?	Branco
11. Movemento artístico que domina Europa nos séculos XV e XVI.	Renacemento
12. Que produtora gravou o mítin de Caldelas de Tui do 27 de agosto de 1922 no que non faltou o agrarista Basilio Álvarez?	Celta Films
13. En que século aconteceu a famosa <i>Peste Negra</i> ?	XIV
14. Quen reinaba en España cando naceu o sacerdote e palentólogo Teilhard de Chardin?	Afonso XII
15. Cal destes puntos de Cuba está situada máis a ponente: península de Zapata, Cabo Cruz, baía de Nipe ou baía de Cochinos?	Península de Zapata
16. Distancia angular dun punto da terra con respecto ao meridiano de Greenwich.	Lonxitude
17. Cantas fanegas representaban as rendas de San Adrián do mosteiro de S. Pedro de Cardeña en 1338 cando foi <i>tomar quenta destas D. Joan</i> , abade do mosteiro de Sto. Domingo de Silos?	80
18. En que década do século XVII hai unha terrible fame negra que en Finlandia morra un terzo da poboación e en Francia fai que perezan dous millóns de persoas.	1690
19. Das augas de que río dependen as cidades de Phoenix e Las Vegas?	Colorado
20. Quen se ve beneficiado da evolución demográfica en Irlanda do Norte dende 1969 ata igualarse, os católicos ou os protestantes?	Católicos
21. Quen é o autor das pinturas da bóveda da Capela Sixtina?	Miguel Anxo
22. En que mar desemboca o río Segura?	Mediterráneo
23. A que país irías a ver baobabs de máis de 1000 anos de antiguidade en Ifaty?	Madagascar
24. Soporte de sección cadrada ou poligonal de función sustentante que a diferenza da columna non é circular.	Piar
25. Derradeiro barco baleeiro español que operou no estreito de Xibraltar en 1954.	Antoñito Vera
26. Que rei sucede en España a Felipe II?	Felipe III
27. Faro máis antigo de Croacia, presente do famoso Metternich como regalo á súa amada.	Savudrija
28. Alcalde vigués na ditadura de Primo de Rivera que conseguiu que o Parque de Castrelos fose cedido á cidade.	Gregorio Espino
29. Que Comunidade Autónoma conta con maior número de Parques Nacionais en España?	Canarias
30. En que océano se atopan as Seychelles?	Indico

4. Completa a información que falta:

Recentemente faleceu o Padre Evaristo Rivera Vázquez, que foi Rector do Colexio entre 1974 e 1981 e que da nome á aula onde se imparten actualmente as materias de Historia en Bacharelato. Escribiu un libro titulado *Galicia y los Jesuitas*. Que capital (en reais) tiña o Colexio xesuíta de Monforte colocado en xuros (como os modernos títulos de Débeda Pública) en 1767, momento no que abandonan España, segundo a Secretaría de Facenda? 24.168

En 1916 o Colexio Apóstol establécese en Vigo. Uns anos antes, en 1908, o famoso Proxecto urbanístico de Ramiro Pascual sinalaba ata os aforos das fontes de Vigo. Cal é o aforo da Fonte de Romil en litros por segundo segundo consta no informe? 0,08

Algúns anos despois, en 1990, cursaba en 8º de E.X.B. grupo B un alumno que aparece no catálogo na fila de arriba á esquerda de todo (según miramos a foto). De que alumno se trataba? Ernesto Carrera Couñago ou Pablo Quinteiro Gómez-Aller